

Bernarda Pereira Solla

(PONTEVEDRA, 1893 - VIGO, 1987)

Bernarda Pereira Solla naceu en Campolongo, daquela pertencente á parroquia de Salcedo, o 4 de maio de 1893. Fíxose mestra e casou con Alfonso Rodrigo Méndez, que era militar pero fíxose mestre por amor a ela, segundo conta a súa afillada:

“A Belela¹ non falaba de Alfonso, pero Narda si. Decía que era un home marabilloso, que se fixeran noivos cando el era militar pero que o pai dela non a deixaba casar cun militar, así que deixou o exército e fixo a carreira de mestre, a mesma que estudara ela” [Beatriz Armesta, afillada de Bernarda Pereira].

Narda foi a única filla que tiveron Bernarda e Alfonso. Os dous empregáronse como mestres en Padriñán, no Concello de Sanxenxo; el na escola 1, a de nenos, e ela, na número 2, a das nenas. Alí puxeron en marcha moitas das innovacións impulsadas polo goberno do bienio progresista durante a II República.

Tanto as alumnas de Bernarda como os alumnos de Alfonso tiñan posibilidade de acudir á cantina para xantar ou de coller prendas no roupeiro. Ademais, ofrecían clases de apoio a quen tivese dificultades especiais, e entre as tarefas de Alfonso estaba orientar os seus alumnos sobre o seu futuro laboral. Era como unha espe-

1 Apelativo cariñoso que usaba Beatriz para referirse a Bernarda.



cie de formación profesional onde os rapaces, ademais de recibir coñecementos, realizaban prácticas de oficios máis tradicionais como a carpintería.

Os seus propios sobriños, os fillos de Carmen, unha das irmás de Bernarda, prepararon con el o ingreso ao instituto, como lembra a filla dun deles, José Leal Pereira:

“O meu pai nacera en 1924. Cando pasou todo tiña doce anos. Contaba que preparou con Alfonso o ingreso, e sempre falou moi ben del como mestre. Decía que non só preparaba para ler e escribir, que tamén ensinaba oficios: mecanografía, carpintería... que lles daba orientación laboral” [Loli Leal, neta da irmá de Bernarda Pereira].

Cando pasou todo, como di Loli, foi no fatídico verán de 1936. Os golpistas non ían deixar pasar a ocasión de castigar a total implicación de Bernarda e Alfonso co ensino republicano e, como fixeron con tanto profesorado, Bernarda foi afastada das aulas. Peor sorte correu aínda Alfonso. Foi asasinado polos golpistas o 5 de setembro de 1936. Era a segunda vez que o detían. A primeira deixárono libre pero a segunda paseárono e o seu corpo nunca apareceu. Tiña 41 anos. Na memoria transmitida por José Pereira ás seguintes xeracións ficou que fora detido “por mariños” e que o seu corpo fora lanzado ao mar. Foron a súa voz e a de Narda Rodrigo, a orfa de Alfonso, as que contaron a historia, mentres a súa viúva optou por refuxiar a dor no silencio imposto, segundo coinciden a súa afillada e a filla de José:

“Ela non falaba moito do tema. O que contou foi o meu pai, a pesar de que só tiña doce anos e de que logo se fixo garda civil. Foi un home de orde que nunca esqueceu aquela historia” [Loli Leal, neta da irmá de Bernarda Pereira].

Bernarda nunca estivo detida. Quizais influíu o feito de que, ao contrario que o seu home, era profundamente relixiosa, aínda que iso non a librou de ser depurada laboralmente. Tras o asasinato de Alfonso regresou coa súa filla, que daquela tiña uns doce anos, ao fogar familiar en Salcedo, onde vivían as súas irmás, Josefa e Carmen, e o seu irmán Joaquín. Nunca volveu dar clase nun colexio nacional. Primeiro deu pasantías en Salcedo e logo nun piso alugado na Praza da Ferraría, no edificio que máis tarde acolleu a cafetería San Francisco, que ela e Carmen converteron en residencia de estudantes, principalmente rapazas matriculadas na Escola Normal. Pero eran tempos duros e había “que andar a todo”, como se dicía daquela, así que, segundo conta a afillada, tamén houbo que recorrer ao estraperlo e ata destilaron anís para sacar uns cartos:



“Destilaban anís ata que un día os pequenos estaban xogando e bebérono. Aca-
baron tirados no chan e elas co susto deixaron de destilar” [Beatriz Armesta,
afillada de Bernarda Pereira].

Carmen, que fora nai cinco veces, estaba separada desde 1934 do seu home,
Francisco Leal, un militar de esquerdas que tivo a sorte de estar fóra de Galiza no
momento do golpe, e que, segundo conta a familia, se converteu nun importante
apoio económico para as irmás logo do golpe.

A memoria das Pereira atesourou unha bonita anécdota sobre as relacións de
solidariedade tecidas entre as familias represaliadas.

“A don Celestino Poza estaban incautándolle todos os bens e pediulle a Carmen,
a irmá de Bernarda, que lle gardase durante un tempo unha vaixela que tiña coas
súas iniciais porque, como ela se chamaba Carmen Pereira, podía dicir que era
súa sen levantar sospeitas” [Fina Somoza, viúva dun sobriño de Bernarda].

Cando a filla de Bernarda se incorpora á vida laboral, trasládanse ambas primeiro
a Vigo e despois a Venezuela. Alí viven ata que en 1967 o país é sacudido por un
terremoto de tal magnitude que Narda Rodrigo decide regresar a Galiza e ins-
tálanse para sempre na cidade olívica, aínda que Bernarda facía frecuentes visitas
a Pontevedra. Nunca volveu traballar como mestra pero xamais deixou de ensi-
nar, como lembra a súa afillada Beatriz, que conviviu con ela en Venezuela desde
os 15 ata os 22 anos:

“Cando marchou a Vigo coa filla, a Belela daba clases pero non para sacar cartos
senón que ensinaba a ler a criaturas da veciñanza, sobre todo a nenos con dificul-
tades. Penso que nin lles cobraba. A min tamén me deu clase. Volvíame tola coa
caligrafía (...) Logo Narda marchou a Venezuela e pasados uns anos marchou
Belela. Alí non traballaba pero seguía ensinando a ler e escribir” [Beatriz
Armenta, afillada de Bernarda Pereira].

Bernarda finou o 19 de marzo de 1987. Coa chegada da democracia puido cobrar
a pensión de viuvez e tamén a recoñecida ao persoal do maxisterio depurado por
todos os anos de servizo que o fascismo arrebatou, non só aos mestres e ás mes-
tras, senón a toda a sociedade.